

Concello de Mugarodos
(A Coruña)

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Alcalde-Presidente

Juan Domingo De Deus Fonticoba

Asunto: CONVOCATORIA DE SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO PARA O DÍA 26 DE MAIO DE 2021.

Tendo en conta a recomendación de realizar de xeito telemático, sempre que sexa posible, a realización de actos e reunións laborais, institucionais, etc, establecida no apartado 3.14 do anexo da ORDE do 7 de maio de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia tendo en conta a finalización da prórroga do estado de alarma establecida polo Real decreto 956/2020, do 3 de novembro (DOG núm. 86-bis de 07.05.2021).

Vista a relación de expedientes concluídos dispostos polo Secretario, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, en concordancia cos artigos 46 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

Atendido que a situación excepcional que se está a padecer, por mor da crise sanitaria xerada pola expansión do coronavirus COVID-19, dificulta de xeito desproporcionado o normal funcionamento do réxime presencial das sesións.


E tendo en conta o establecido no artigo 46.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, pola presente, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Convocar a próxima sesión ordinaria do Pleno da Corporación, que sé levará a cabo de xeito telemático, o día 26 de maio de 2021 ás 19.30 horas, para tratar dos asuntos que se expresan na orde do día.

Para a conexión das/os Sras./Sres Concelleiras/os, remitirase á súa dirección de correo electrónico corporativo, con carácter previo á celebración da sesión, un enlace para o seu acceso á mesma; conexión que se verificará con ao menos 10 minutos de antelación á hora fixada para o inicio da sesión, aos efectos de realizar unha comprobación do funcionamento axeitado da mesma e de levar a cabo a toma de razón de asistentes pola Secretaría.

Avda. de Galicia, 45. Tfños. 981470338 – 981470290 - 981471701 Fax. 981472017- 15620 Mugarodos
C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.mugarodos.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



Concello de Mugardos
(A Coruña)

SEGUNDO. Que o Secretario leve a cabo os trámites legais oportunos para a notificación dos membros da Corporación.

TERCEIRO. Fixar o seguinte

ORDE DO DIA

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES REALIZADAS OS DÍAS 28.04.2021 (5/2021) E 13.05.2021 (6/2021).

2.- MOCIÓN PRESENTADA POLO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG EN DEFENSA DUN MODELO DE ENERXÍA EÓLICA SUSTENTÁBEL, XUSTA E GALEGA FRONTE AO ESPOLIO E A DEPREDACIÓN.

3.- MOCIÓN PRESENTADA POLO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE AS PEAXES DAS AUTOVIAS GALEGAS

4.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E POLAS/OS CONCELLEIRAS/OS DELEGADAS/OS DENDE O ANTERIOR PLENO ORDINARIO: RESOLUCIÓNS QUE VAN DENDE A NÚM. 402/2021 Á 516/2021, AMBAS INCLUSIVE.

5.- ROGOS E PREGUNTAS.

Mugardos, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo alcalde.

Avda. de Galicia, 45. Tfños. 981470338 – 981470290 - 981471701 Fax. 981472017- 15620 Mugardos
C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.mugardos.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).